

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE CONXUNTOS



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Centro: 15032133 | ESMU Municipal de Ortigueira



Escola de Música Concello de

Ortigueira

(*) Xefe de Departamento: Carlos Diéguez Beltrán

Instrumentos e Voz (Todas as Especialidades)

Programación Didáctica

Departamento CONXUNTOS

ÍNDICE

1. Contextualización

2. Obxectivos

- 2.1. Obxectivos xerais
- 2.2. Obxectivos específicos da práctica colectiva

3. Contidos xerais

- 3.1. Desenvolvemento auditivo e corporal
- 3.2. Técnica vocal/instrumental colectiva
- 3.3. Musicalidade e interpretación
- 3.4. Práctica de conxunto
- 3.5. Educación auditiva e cultural
- 3.6. Hábitos de ensaio e aprendizaxe autónoma

4. Metodoloxía didáctica

- 4.1. Principios metodolóxicos xerais
- 4.2. Principios metodolóxicos concretos

5. Clases colectivas

- 5.1. Obxectivos
- 5.2. Dinámicas metodolóxicas
- 5.3. Exemplo de agrupacións segundo nivel
- 5.4. Función educativa e social

6. Criterios de avaliación

- 6.1. Aspectos a avaliar
- 6.2. Procedemento de avaliación

7. Criterios de cualificación

- 7.1. Escala de cualificación cualitativa
- 7.2. Criterios para a promoción

8. Atención á diversidade e adaptacións curriculares

- 8.1. Principios xerais
- 8.2. Medidas de apoio
- 8.3. Funcións do profesorado e OCD
- 8.4. Alumnado adulto

9. Actividades complementarias e extraescolares

- 9.1. Finalidades educativas
- 9.2. Tipoloxía de actividades
- 9.3. Papel do alumnado nos conxuntos

10. Temas transversais

- 10.1. Educación en valores e convivencia
- 10.2. Igualdade e inclusión
- 10.3. Educación intercultural e respecto á diversidade
- 10.4. Educación ambiental e sustentabilidade
- 10.5. Educación para a saúde
- 10.6. Educación para a cidadanía e participación social

11. Tratamento das TIC

- 11.1. Uso de recursos TIC na aula
- 11.2. Difusión e proxectos dixitais da Escola
- 11.3. Función pedagóxica das TIC

12. Contidos por nivel-curso

- 12.1. Nivel Básico (BA-1, BA-2, BA-3)
- 12.2. Nivel Intermedio (IN-1, IN-2, IN-3)
- 12.3. Nivel Avanzado (AV-1, AV-2, AV-3, AV-4)
- 12.4. Programación Adultos (AD-1, AD-2, AD-3)

13. Bibliografía

1.- CONTEXTUALIZACIÓN

A práctica da música en conxunto na Escola Municipal de Música de Ortigueira é unha das áreas de maior relevancia pedagóxica e social. Supón un espazo común no que se integran alumnado de diferentes instrumentos, idades e niveis, promovendo unha aprendizaxe baseada na cooperación, na escoita activa e na responsabilidade compartida.

A materia de Conxunto abrangue diversas formacións que responden á realidade e ás necesidades da nosa Escola: Banda da Escola, Coro (infantil e adultos), Combos de música moderna, Grupos de música tradicional e Clases colectivas por familias instrumentais. Cada unha destas agrupacións ten unha identidade propia, pero todas comparten a finalidade de desenvolver as capacidades musicais do alumnado nun contexto colectivo.

No plano educativo, Conxunto cumpre funcións que dificilmente poden ser atendidas desde a práctica individual:

- Desenvolver a capacidade de escoitar os demais mentres se interpreta o propio papel.
- Fomentar a afinación conxunta e o equilibrio dos planos sonoros.
- Potenciar a disciplina grupal, a puntualidade e a responsabilidade.
- Estimular a expresividade compartida, a través do fraseo, da dinámica e do estilo común.
- Favorecer a integración social e a convivencia interxeracional no marco da Escola.

No plano social e cultural, a materia de Conxunto é tamén un vehículo de participación comunitaria. As agrupacións da Escola teñen presenza habitual en concertos, intercambios e actividades culturais do Concello, converténdose nunha canle de proxección do traballo educativo cara á cidadanía. A través destes proxectos, o alumnado non só aprende música, senón que tamén se educa en valores como o respecto, a cooperación, a solidariedade e a identidade cultural.

Cómpre subliñar que a programación estrutúrase en tres niveis de formación (Básico, Intermedio e Avanzado), máis unha modalidade Adultos, sempre cun carácter flexible.

Cada agrupación adapta os seus obxectivos e repertorio ao nivel correspondente, garantindo que o alumnado, independentemente da súa idade ou experiencia, atope un espazo de participación e aprendizaxe significativa.

Finalmente, a materia de Conxunto intégrase no proxecto global da Escola Municipal de Música de Ortigueira, sendo unha das súas liñas estratéxicas fundamentais: chegar a práctica musical a toda a comunidade e consolidar a Escola como un servizo público de dinamización sociocultural.

2.- OBXECTIVOS

A materia de Conxunto na Escola Municipal de Música de Ortigueira ten como finalidade favorecer a formación integral do alumnado a través da práctica musical colectiva. Preténdese que cada estudante aprenda a relacionarse coa música non só desde a súa experiencia individual, senón tamén como parte dun grupo no que a escoita, a cooperación e a responsabilidade compartida son fundamentais.

2.1. Obxectivos xerais

- a) Desenvolver a capacidade de escoita activa, aprendendo a integrar o propio papel musical co das demais voces do grupo.
- b) Adquirir hábitos de afinación colectiva e equilibrio dinámico que garantan a calidade sonora do conxunto.
- c) Potenciar a participación social e cultural a través de concertos, audicións e actividades vinculadas á comunidade.
- d) Fomentar valores de convivencia, respecto e solidariedade, propios do traballo en grupo.
- e) Promover a disciplina compartida, asumindo a importancia da puntualidade, da asistencia e do compromiso cos ensaios.
- f) Estimular a sensibilidade artística e a capacidade de interpretar música con expresividade e coherencia estilística.
- g) Reforzar a autoestima do alumnado mediante a experiencia da interpretación en público.
- h) Promover unha educación en valores transversais: igualdade, inclusión, coidado do medio ambiente e respecto pola diversidade cultural.

2.2. Obxectivos específicos da práctica colectiva

No eido técnico-musical

- Adestrar a lectura a primeira vista no contexto de agrupación.
- Mellorar a precisión rítmica e a coordinación interna do grupo.
- Desenvolver a capacidade de manter un tempo uniforme e constante.
- Practicar a resposta rápida a sinais de dirección ou xestos de coordinación.
- Coñecer e aplicar as convencións interpretativas básicas de cada estilo.

No eido interpretativo

- Conseguir un son equilibrado e homoxéneo a través do control das dinámicas.
- Dominar o fraseo conxunto, unificando criterios expresivos.
- Valorar o papel de cada voz ou instrumento dentro da textura global do grupo.
- Traballar repertorio variado (clásico, contemporáneo, popular, tradicional galego, música moderna) adaptado a cada nivel.
- Desenvolver a memoria musical e a seguridade na interpretación colectiva.
- No eido persoal e social
- Favorecer a integración de alumnado de diferentes idades e niveis.
- Potenciar a responsabilidade individual como parte dun proxecto colectivo.
- Fomentar a iniciativa, a creatividade e a improvisación en determinadas agrupacións (combos, grupos tradicionais).
- Desenvolver a capacidade de diálogo e consenso artístico entre os membros do grupo.
- Estimular o interese pola asistencia a concertos e actividades culturais como parte da súa formación.

3.- CONTIDOS XERAIS

Os contidos da materia de Conxunto estrutúranse en bloques que recollen as competencias básicas que o alumnado debe desenvolver a través da práctica colectiva. Estes bloques son comúns a todas as agrupacións (banda, coro, combos, grupos

tradicionais e clases colectivas), adaptándose en cada caso ás características do nivel e do repertorio.

3.1. Desenvolvemento auditivo e corporal

- escoita activa do conxunto e integración da propia voz ou instrumento no equilibrio global.
- Identificación das distintas voces, planos sonoros e funcións harmónicas ou rítmicas.
- Recoñecemento de entradas, cortes e sinais de dirección.
- Control postural e corporal durante a interpretación.
- Coordinación da respiración ou da técnica corporal co grupo.

3.2. Técnica vocal e instrumental colectiva

- Axuste da afinación en relación ao grupo.
- Control das dinámicas para conseguir balance e homoxeneidade sonora.
- Práctica do fraseo conxunto.
- Adaptación da articulación, acento e expresión ás necesidades do grupo.
- Desenvolvemento da precisión rítmica e do mantemento do pulso común.

3.3. Musicalidade e interpretación

- Estudo de obras de distintos estilos e épocas.
- Interiorización de criterios estilísticos básicos: música clásica, tradicional galega, popular e moderna.
- Coherencia interpretativa na execución en grupo.
- Traballo da expresividade compartida: dinámicas, rubati, silencios, respiracións e cadencias.
- Preparación para a interpretación en público con confianza e seguridade.

3.4. Práctica de conxunto

- Lectura a primeira vista de partituras colectivas.
- Ensaio por voces, familias ou seccións.
- Ensaio xerais con dirección.
- Valoración do papel individual no resultado colectivo.
- Integración en diferentes formatos: banda, coro, combo, grupo tradicional ou agrupación instrumental reducida.

3.5. Educación auditiva e cultural

- Audición de gravacións de referencia.
- Comparación de interpretacións.
- Introducción á análise de obras sinxelas para comprender a súa estrutura formal.
- Contextualización das obras no seu marco cultural e histórico.
- Fomento da curiosidade por repertorios de distintas culturas e estilos.

3.6. Hábitos de ensaio e aprendizaxe autónoma

- Preparación individual do material antes dos ensaios colectivos.
- Uso de recursos tecnolóxicos (audios de apoio, play-along, vídeos).
- Valoración da importancia da puntualidade, da constancia e da responsabilidade.
- Reflexión crítica sobre o traballo realizado, a través de gravacións ou informes de seguimento.
- Capacidade de autoavaliación e compromiso co mellora continua.

4.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía empregada na materia de Conxunto baséase nos principios de participación activa, aprendizaxe cooperativa e adaptación á diversidade. Preténdese que o alumnado experimente a música como unha actividade compartida, na que cada membro do grupo é esencial para o resultado final.

4.1. Principios metodolóxicos xerais

1. **Aprendizaxe activa:** o alumnado participa de forma práctica desde o primeiro día, interpretando en grupo e tomando conciencia do seu papel no conxunto.
2. **Colaboración e cooperación:** foméntase o traballo en equipo, a escoita mutua e o respecto polas achegas dos demais.
3. **Progresión e continuidade:** os contidos distribúense por niveis (básico, intermedio, avanzado e adultos), garantindo unha aprendizaxe gradual.
4. **Interdisciplinariade:** intégranse coñecementos de linguaxe musical, técnica instrumental/vocal e expresión corporal.
5. **Adaptación á diversidade:** a práctica colectiva ten en conta diferentes idades, niveis e intereses, ofrecendo arranxos e materiais adaptados.
6. **Dimensión social e cultural:** os conxuntos funcionan como espazo de participación comunitaria, reforzando o vínculo co territorio e coa cidadanía.
7. **Uso de TIC:** introdúcense recursos dixitais (play-along, gravacións, vídeos, canle YouTube da Escola, podcast) como ferramentas de apoio e autoavaliación.

4.2. Principios metodolóxicos concretos

- **Ensaio seccionais:** traballo por voces, familias instrumentais ou rexistros para resolver problemas específicos antes do ensaio xeral.
- **Ensaio xerais:** integración de todas as seccións, traballo de afinación colectiva, balance e interpretación global.
- **Dirección participativa:** o alumnado aprende a responder a sinais, xestos e indicacións do director/a, e en ocasións asume pequenos roles de coordinación.
- **Repertorio adaptado:** selección de obras que se axusten ao nivel do grupo, garantindo ao mesmo tempo motivación e reto progresivo.
- **Práctica reflexiva:** análise e discusión colectiva do traballo realizado, apoiada en gravacións das sesións.
- **Proxección pública:** preparación de audicións e concertos como parte do proceso formativo, non só como resultado final.
- **Rotación de roles:** sempre que sexa posible, alternancia de funcións (primeira voz,

segunda voz, acompañamento) para que todo o alumnado experimente diferentes responsabilidades musicais.

- **Integración do repertorio tradicional:** no caso dos grupos de música galega, foméntase a transmisión oral, a improvisación e o coñecemento do contexto cultural das pezas.

5.- CLASES COLECTIVAS

As clases colectivas constitúen un dos piares fundamentais da aprendizaxe na Escola Municipal de Música de Ortigueira. A través delas, o alumnado ten a oportunidade de experimentar a práctica musical nun entorno compartido, no que a escoita, a coordinación e a cooperación son imprescindibles.

5.1. Obxectivos

- Favorecer a integración do alumnado en pequenos e medianos grupos segundo o seu nivel.
- Desenvolver a responsabilidade individual como parte dun resultado colectivo.
- Mellorar a afinación, o equilibrio dinámico e a precisión rítmica no contexto grupal.
- Aprender a escoitar e respectar o papel das demais voces ou instrumentos.
- Potenciar a motivación a través da interpretación de repertorio variado.

5.2. Dinámicas metodolóxicas

- Ensaio organizado por seccións ou voces, segundo o tipo de agrupación.
- Traballo con partituras adaptadas ao nivel do alumnado.
- Uso de gravacións e play-along como apoio para a práctica colectiva.
- Exercicios de afinación, entradas conxuntas, coordinación de respiracións ou ataques.
- Discusión e reflexión sobre os resultados de cada ensaio, fomentando a autoavaliación.

5.3. Exemplo de agrupacións segundo nivel

- **Nivel Básico:** pequenos grupos de cámara, coro infantil, combos iniciais de música moderna, grupos de pandeireta e percusión tradicional.
- **Nivel Intermedio:** conxuntos instrumentais por familias (madeira, metal, corda), coro xuvenil, combo intermedio, grupos tradicionais máis elaborados.
- **Nivel Avanzado:** banda da Escola con repertorio de dificultade media/alta, coro de adultos, combo avanzado con espazo para a improvisación, grupos tradicionais con repertorio de concerto.
- **Adultos:** agrupacións adaptadas aos intereses e nivel do alumnado, favorecendo a participación comunitaria (coro, banda, grupos de gaitas e percusión, combos de estilos lixeiros).

5.4. Función educativa e social

- As clases colectivas teñen un papel central na **formación integral** do alumnado: fomentan disciplina, convivencia e traballo en equipo.
- Actúan como espazo de **encontro interxeracional**, no que participan nenos, mozos e adultos.
- Constitúen un instrumento de **proxección cultural e comunitaria**, xa que moitos destes grupos presentan o seu traballo en concertos e actividades públicas.
- Reforzan a identidade da Escola como **servizo público** que promove a participación cidadá a través da música.

6.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación da materia de Conxunto na Escola Municipal de Música de Ortigueira baséase nun **seguimento continuo e cualitativo**, no que se valoran tanto os aspectos musicais como aqueles relacionados coa actitude, a convivencia e a responsabilidade do alumnado. Non se empregan notas numéricas nin porcentaxes, senón descrições cualitativas do progreso.

6.1. Aspectos a avaliar

- **Aspectos musicais**
 - Corrección da afinación individual e colectiva.
 - Mantemento do pulso e precisión rítmica no conxunto.
 - Integración dinámica e equilibrio entre as distintas voces ou seccións.
 - Capacidade de seguir as indicacións do director/a.
 - Calidade da interpretación colectiva: fraseo, articulación, expresividade.
 - Preparación individual das partes para facilitar o ensaio colectivo.
- **Aspectos de actitude e participación**
 - Puntualidade e asistencia aos ensaios.
 - Responsabilidade e compromiso co grupo.
 - Actitude de respecto e cooperación cos compañeiros.
 - Participación activa en audicións, concertos e actividades da Escola.
 - Disposición para a autoavaliación e aceptación de correccións.

6.2. Procedemento de avaliación

- A avaliación será **continua**, tendo en conta o progreso do alumnado ao longo do curso e non só os resultados puntuais das actuacións.
- O profesorado realizará un **seguimento trimestral individualizado** que inclúe:
 - Valoración cualitativa da evolución en aspectos musicais e de actitude.
 - Observación directa nos ensaios e concertos.
 - Autoavaliación do alumnado mediante a escoita de gravacións.
- Emitirase un **Informe de Seguimento Individual** ao final de cada trimestre, que recollerá información de instrumento, linguaxe musical e conxunto. Este informe será enviado por correo electrónico ás familias ou ao alumnado adulto.
- Solicitarase unha **sesión mínima de tutoría trimestral** para comentar os avances, resolver dúbidas e propoñer melloras, de acordo co disposto nos artigos **6.1 e 8 do Regulamento da Escola**.

Ao final do curso elaborárase unha Acta de Avaliación Final, segundo o modelo oficial, recollendo a promoción de nivel ou a permanencia no mesmo.

Informe de Seguimento e Avaliación Final

Profesor/a:	
Alumno/a:	
NIVEL: ☐ Básico 1 (BA-1) ☐ Básico 2 (BA-2) ☐ Básico 3 (BA-3) ☐ Intermedio 1 (IN-1) ☐ Intermedio 2 (IN-2) ☐ Intermedio 3 (IN-3) ☐ Avanzado 1 (AV-1) ☐ Avanzado 2 (AV-2) ☐ Avanzado 3 (AV-3) ☐ Avanzado 4 (AV-4) ☐ Adulto 1 (AD-1) ☐ Adulto 2 (AD-2) ☐ Adulto 3 (AD-3)	

Ámbito Musical / Técnico

Postura e técnica instrumental	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Afinación calidade do son	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Lectura musical (partitura/tabulado)	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Ritmo e métrica	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Memorización precisión interpretativa	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Progreso técnico ao longo do curso	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Expresión musical e interpretación	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto

Ámbito Actitude e Aprendizaxe

Asistencia e puntualidade	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Interese e participación activa	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Traer o material	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Estudo autónomo	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Aportación ao grupo e respecto polo entorno da aula	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Acada os Obxectivos Educativos	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto

7.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación non terá carácter numérico, senón **cualitativo**, seguindo o establecido nos modelos oficiais da Escola.

7.1. Escala de cualificación cualitativa

- **Excelente** – Supera amplamente os obxectivos. Actitude exemplar.
- **Ben** – Cumpre axeitadamente os obxectivos. Participación activa e responsable.
- **Apto** – Cumpre os mínimos establecidos. Evolución positiva.
- **Apto con mellora pendente** – Cumpre o mínimo, pero con aspectos mellorables.
- **Necesita mellorar** – Non alcanza os obxectivos con claridade.
- **Non apto** – Non se observou progreso significativo nin actitude adecuada.

7.2. Criterios para a promoción

Segundo o artigo 18 do Regulamento de Organización da Escola de Música:

- O profesorado de cada materia determinará a promoción en base á progresión e resultados da avaliación continua.
- O Órgano de Coordinación Docente revisará os criterios de avaliación e a coherencia dos informes.
- O alumnado ou as familias poderán presentar reclamación ante a dirección no prazo de cinco días naturais desde a comunicación da avaliación final.

8.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ADAPTACIÓNS CURRICULARES

A materia de Conxunto, pola súa natureza colectiva e integradora, é un espazo privilexiado para atender a diversidade do alumnado da Escola Municipal de Música de Ortigueira. O obxectivo fundamental é garantir que todos e todas poidan participar activamente, independentemente da idade, nivel técnico ou posibles necesidades educativas especiais.

8.1. Principios xerais

- Garantir a **igualdade de oportunidades** no acceso ás agrupacións.
- Ofrecer unha **aprendizaxe flexible e adaptada** ás condicións e intereses do alumnado.
- Promover a **convivencia interxeracional**, favorecendo a colaboración entre alumnado infantil, xuvenil e adulto.
- Respetar a diversidade cultural e musical, incorporando repertorio variado e representativo.

8.2. Medidas de apoio

- Adaptación das partituras segundo o nivel técnico (simplificación de voces, transposición, liñas de acompañamento).
- Utilización de audios de apoio (*play-along*) para favorecer o estudo individual.

- Axuda específica en ensaios seccionais para alumnado con máis dificultades.
- Reforzo positivo e metodoloxías motivadoras para alumnado con menor experiencia.
- Integración progresiva en concertos, podendo comezar con pezas máis sinxelas ou funcións de acompañamento.

8.3. Funcións do profesorado e do Órgano de Coordinación Docente

- O profesorado de conxunto realizará un **seguimento individualizado** da participación de cada alumno/a, adaptando as esixencias cando sexa necesario.
- Emitirá informes cualitativos de progreso, compartidos con familias e alumnado adulto.
- **Órgano de Coordinación Docente**, segundo o artigo 8 do Regulamento, velará pola coherencia das medidas de atención á diversidade en todas as especialidades.

8.4. Alumnado con necesidades educativas especiais (NEE)

- De acordo co **artigo 4 do Regulamento**, o alumnado con NEE terá dereito á escolarización na Escola e contará con adaptacións organizativas e metodolóxicas específicas.
- Procurarase a súa integración en agrupacións colectivas, valorando sempre o seu nivel e interese persoal.
- As adaptacións incluírán: apoio individualizado, repertorio simplificado, participación flexible en concertos e coordinación coas familias.

8.5. Alumnado adulto

- As agrupacións de adultos priorizarán a **flexibilidade e motivación**, con repertorio adaptado aos seus intereses.
- A avaliación e o seguimento faranse tamén mediante informes cualitativos, cunha orientación práctica e comunitaria.

9.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares da materia de Conxunto son unha parte esencial da formación do alumnado, xa que lles permiten poñer en práctica os contidos traballados na aula e reforzar a súa participación social e cultural. Estas actividades vincúlanse sempre ao Plan Anual de Actividades da Escola Municipal de Música de Ortigueira, polo que non se establecen datas fixas na programación, senón que se adaptan cada curso ás propostas aprobadas polo Órgano de Coordinación Docente.

9.1. Finalidades educativas

- Ofrecer ao alumnado a oportunidade de interpretar en público os resultados do traballo realizado.
- Fomentar a motivación e autoestima a través da participación en concertos e audicións.
- Potenciar a convivencia e integración social mediante actividades abertas á comunidade.
- Achegar a música a diferentes colectivos do municipio, reforzando o carácter de servizo público da Escola.
- Promover o contacto con outras realidades musicais, enriquecendo a formación artística do alumnado.

9.2. Tipoloxía de actividades

- Audicións internas organizadas no propio centro, como espazos de aprendizaxe e convivencia.
- Concertos de carácter pedagóxico e divulgativo, dirixidos á comunidade escolar e á cidadanía.
- Participación en actos culturais e festivos do Concello, como parte da vida comunitaria de Ortigueira.
- Intercambios musicais con outras escolas de música e entidades culturais.
- Obradoiros e encontros interdisciplinares, nos que se combinen distintas especialidades (p. ex. banda e coro, combos e grupos tradicionais).
- Proxectos colaborativos dixitais, mediante gravacións audiovisuais, podcast ou

retransmisión en liña das actividades.

9.3. Papel do alumnado nos conxuntos

- Preparar e interpretar repertorio adaptado ao seu nivel, contribuíndo á cohesión do grupo.
- Participar de maneira activa na planificación e organización de audicións, desenvolvendo autonomía e responsabilidade.
- Actuar como embaixadores da Escola en actividades externas, transmitindo valores de respecto, esforzo e solidariedade.

10.- TEMAS TRANSVERSAIS

A materia de Conxunto, pola súa natureza colectiva, é un espazo privilexiado para traballar valores e competencias que van máis alá da aprendizaxe musical estrita. Estes temas transversais intégranse de maneira natural na práctica diaria, nas dinámicas de grupo e nas actividades complementarias.

10.1. Educación en valores e convivencia

- Promoción do respecto mutuo, da cooperación e da solidariedade.
- Valoración do esforzo individual ao servizo do grupo.
- Interiorización da importancia da disciplina e da responsabilidade compartida.

10.2. Igualdade e inclusión

- Garantía da participación igualitaria de mulleres e homes en todas as agrupacións.
- Prevención de calquera forma de discriminación por xénero, idade, orixe ou condición persoal.
- Inclusión activa de alumnado con diferentes capacidades e necesidades.

10.3. Educación intercultural e respecto á diversidade

- Interpretación de repertorio de distintas culturas e épocas, fomentando a apertura e a tolerancia.
- Recoñecemento e posta en valor da tradición musical galega como parte da

identidade cultural propia.

- Participación en intercambios musicais que acheguen experiencias de diversidade cultural.

10.4. Educación ambiental e sustentabilidade

- Sensibilización sobre o coidado do medio natural nas actividades fóra da aula (concertos ao aire libre, roteiros musicais, etc.).
- Uso responsable dos recursos materiais (partituras, equipos de son, instalacións).
- Promoción de proxectos que relacionen música e natureza, como actividades ao aire libre.

10.5. Educación para a saúde

- Adquisición de hábitos posturais correctos na interpretación vocal e instrumental.
- Educación respiratoria, vocal e corporal para unha práctica saudable.
- Prevención de lesións mediante técnicas adecuadas de estudo e ensaio.

10.6. Educación para a cidadanía e a participación social

- Valoración da música como ferramenta de integración comunitaria.
- Fomento do espírito crítico e da capacidade de diálogo no traballo colectivo.
- Participación en actos sociais e culturais como forma de exercer unha cidadanía activa e responsable.

11.- TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC's)

A integración das TIC na materia de Conxunto constitúe unha ferramenta esencial para mellorar a aprendizaxe, favorecer a motivación e potenciar a difusión do traballo realizado pola Escola Municipal de Música de Ortigueira.

11.1. Uso de recursos TIC na aula

- Emprego de **pantalla dixital ou proxector** para a lectura colectiva de partituras,

análise de obras e visionado de materiais audiovisuais.

- Utilización de **audios play-along** como apoio para o estudo individual e a práctica en grupo.
- Gravación de ensaios e audicións para permitir a autoavaliación do alumnado.
- Uso de recursos en liña para a práctica de afinación, ritmo e lectura musical.

11.2. Difusión e proxectos dixitais da Escola

- Publicación de audicións e concertos no **canle oficial de YouTube da Escola**, como parte do proxecto pedagóxico e de proxección social.
- Subida de vídeos e materiais complementarios á **páxina web ortigueiramusica.com**, accesible á comunidade educativa e á cidadanía.
- Difusión de contidos a través da **radio/podcast online**, achegando á sociedade o traballo das agrupacións.
- Creación de proxectos audiovisuais colaborativos que integren alumnado de distintas especialidades.

11.3. Función pedagóxica das TIC

- Favorecer a **autoavaliación** do alumnado mediante a escoita das súas propias gravacións.
- Potenciar a motivación e a aprendizaxe autónoma a través do uso de recursos interactivos.
- Desenvolver competencias dixitais básicas, incorporando a tecnoloxía como parte natural da práctica musical.
- Reforzar a **visibilidade e o recoñecemento social** do traballo educativo realizado na Escola.

12.- CONTIDOS POR NIVEL - CURSO

A materia de Conxunto estrutúrase en **Nivel Básico (BA-1, BA-2, BA-3)**, **Nivel Intermedio (IN-1, IN-2, IN-3)**, **Nivel Avanzado (AV-1, AV-2, AV-3, AV-4)** e **Adultos (AD-**

1, AD-2, AD-3).

En todos os casos, o traballo realízase baixo a dirección dun **profesor/a responsable do conxunto**, que coordina ensaios, repertorio e concertos.

12.1. Nivel Básico (BA-1, BA-2, BA-3)

- **Obxectivos:**

- Iniciarse na práctica colectiva.
- Aprender a escoitar ao director/a e seguir sinais básicos (entradas, cortes).
- Coñecer o funcionamento dunha agrupación sinxela (coro infantil, grupo tradicional, banda básica).
-

- **Contidos:**

- Postura e disciplina de grupo.
- Pulso común, entradas e finais.
- Afinación colectiva inicial.
- Repertorio sinxelo: cancións populares, fragmentos adaptados para banda.

- **Agrupacións habituais:** Coro infantil, grupos tradicionais de iniciación, banda de nivel básico con repertorio adaptado.

12.2. Nivel Intermedio (IN-1, IN-2, IN-3)

- **Obxectivos:**

- Consolidar hábitos de ensaio e disciplina grupal.
- Mellorar a afinación, dinámica e coordinación rítmica.
- Adquirir experiencia en agrupacións con maior número de voces.

- **Contidos:**
 - Lectura de partituras colectivas a dúas ou tres voces.
 - Ensaio por seccións e ensaios xerais con director/a.
 - Afinación e equilibrio dinámico.
 - Repertorio de dificultade moderada: arranxos de música clásica, tradicional galega, bandas sonoras.
- **Agrupacións habituais:** Banda intermedia, coro xuvenil, combos de música moderna, grupos tradicionais con repertorio máis elaborado.

12.3. Nivel Avanzado (AV-1, AV-2, AV-3, AV-4)

- **Obxectivos:**
 - Traballar repertorio de maior dificultade baixo dirección.
 - Desenvolver criterio estilístico e responsabilidade individual no resultado colectivo.
 - Preparar concertos públicos e proxectos de colaboración con outras entidades.
- **Contidos:**
 - Ensaio xerais de banda con repertorio completo.
 - Equilibrio harmónico, fraseo conxunto, precisión rítmica en obras complexas.
 - Repertorio clásico, contemporáneo, tradicional e moderno avanzado.
 - Participación en concertos como parte fundamental do Plan Anual de Actividades.
- **Agrupacións habituais:** Banda da Escola (agrupación central), coro de adultos, combos avanzados con improvisación, grupos tradicionais de concerto.

12.4. Programación Adultos (AD-1, AD-2, AD-3)

- **Obxectivos:**

- Favorecer a participación comunitaria a través da práctica colectiva.
- Ofrecer repertorio motivador e adaptado á súa realidade.
- Potenciar a convivencia interxeracional en conxuntos dirixidos.

- **Contidos:**

- Integración progresiva en coro, banda ou grupos tradicionais.
- Repertorio flexible: tradicional galego, popular, bandas sonoras, música lixeira.
- Ensaio colectivo baixo dirección, con disciplina adaptada.
- Preparación de pequenas intervencións en concertos.

- **Agrupacións habituais:** Banda de adultos integrada na Banda da Escola, coro de adultos, combos adaptados, grupos tradicionais abertos á comunidade.

-

13.- Bibliografía Xeral e Recursos Didácticos

A práctica da música en conxunto require de materiais diversos, que abranguen desde métodos específicos ata repertorios adaptados para cada agrupación. Por tratarse dunha materia colectiva, o repertorio é sempre aberto e flexible, podendo modificarse en función das necesidades e do nivel do alumnado.

13.1. Bibliografía básica

- Bandeando (Editorial ANDB) – método para iniciación en banda escolar.
- Cantos corais infantís e xuvenís (Federación Coral Galega, FECGA).

- Cancioneiro Popular Galego (Cantigas e Agarimos / Ouvirmos).
- Métodos de música moderna e combos (Berklee Press, Hal Leonard).
- Métodos de dirección coral e de banda (European Choral Association, WASBE).
- Obras adaptadas de repertorio clásico e popular dispoñibles en editoriais como Real Musical, Boosey & Hawkes, Hal Leonard.
- Recursos dixitais: IMSLP (partituras en dominio público), MuseScore (plataforma colaborativa de partituras), canle de YouTube da Escola.

13.2. Criterios de selección do repertorio

- ❖ O director/a do conxunto é quen propón o repertorio que se vai traballar en cada agrupación.
- ❖ Cada obra será enviada en formato de partitura a cada profesor/a titor/a de instrumento, quen realizará a adaptación necesaria ao nivel real do seu alumnado (simplificación de voces, cambios de tonalidade, redución de dificultade técnica, etc.).
- ❖ Deste xeito, o traballo baséase nun repertorio aberto e amplamente adaptable, que garante a participación de todo o alumnado independentemente da súa idade, nivel ou especialidade.
- ❖ As adaptacións permiten que nun mesmo conxunto poidan convivir alumnado de niveis básicos, intermedios, avanzados e adultos, mantendo unha experiencia colectiva satisfactoria e inclusiva.